

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de marzo do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
José Luis Sampedro Bouzas.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.15 horas do día 29 de marzo de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 1 de marzo de 2016.
- 2º.- Comunicacións previas (obra menor).
- 3º.- Comunicación previa (apertura).
- 4º.- Prezo público: "Viaxe da terceira idade a Mallorca 2016".
- 5º.- Licenza de vado permanente.
- 6º.- Licenza de primeira ocupación.
- 7º.- Cambio de titularidade de vado permanente.
- 8º.- Licenza de segregación.
- 9º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 1 DE MARZO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 1 de marzo de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CASTOR BASANTE CALO, con domicilio en Vilar 26, Viceso, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 120 metros de fronte a camiño e 140 metros a lindes, con postes e arame e a 5 metros do eixo da pista. A altura do muro será de 1,50 metros medidos sobre a rasante natural do terreo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Pérez Castiñeira, que di actuar en representación de JULIO JOSE LUNA SILVA, con domicilio en Rúa Fragua 16, Bertamiráns, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Guitiande, Os Ánxeles, de 24,35 metros de lonxitude con mampostería granítica ata unha altura de 1,80 metros de alto, medidos sobre a aliñación da pista. O peche situarase a 4,00 metros do eixo da pista.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións: que a parte cega do bloque se enfusque e pinte nunha cor da gama dos brancos.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIO GONZALEZ FERNANDEZ, con domicilio en Forxán 17, Viceso, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Forxán

17, Viceso, segundo proxecto de expediente de legalización de edificación auxiliar (con demolición parcial) e elevación de peche de parcela, redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira:

- Demolición parcial de edificación auxiliar en construción.
- Construción dun alpendre de fábrica de bloque cunha superficie de 12,60 m².
- Elevación de peche lateral de parcela.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 7 de marzo de 2016 (expediente núm. 30/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- O peche terá unha altura máxima de fábrica de 1,20 metros e unha altura total do peche (arameira) de 1,80 metros, a enfuscar e pintar en cor branca.
- A cuberta do alpendre deberá executarse de tella cerámica debendo afastarse este, aleiros incluídos, a 3 metros como mínimo, do linde lateral da parcela.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA CARBALLO FERNANDEZ, con domicilio en Tembra 37, Boullón, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Tembra 37, Boullón:

- Colocación de pedra na fachada principal, de 9 metros de largo.
- Substitución de dúas ventás por outras de PVC.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Rey Pérez e Luis Reboredo Arca, con domicilio na Avd. dos Ánxeles 8, 1ºC, Os Ánxeles, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de bar-restaurante, situado na Avd. de Noia 7, baixo, Os Ánxeles, denominado "Kratos Restaurante".

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Adrián Reboredo y Asociados SC e preténdese poñer a nome de Manuel Rey Pérez.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de bar-restaurante, situado na Avd. de Noia 7, baixo, Os Ánxeles a nome de Manuel Rey Pérez.

CUARTO.- PREZO PÚBLICO: "VIAXE DA TERCEIRA IDADE A MALLORCA 2016".

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia á "Viaxe da terceira idade a Mallorca 2016", ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 08/03/2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia á "Viaxe da terceira idade a Mallorca 2016", de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público por participante en habitación dobre:.....545,00 €
- Prezo público por participante en habitación individual.....655,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

QUINTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PATRICIA FERNANDEZ PATRON, con domicilio en Guitiande 12, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda de Guitiande 12, Os Ánxeles.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MINIA ROJO REY, con domicilio en Urbanización Río Pego núm. 8 - 2º esqda, Brión, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Avd. Santa Minia 85, Brión.
Con data 22/07/2014 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Minia Rojo Rey para acondicionamento dunha vivenda unifamiliar na Avd. Santa Minia 85, Brión.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do informe favorable emitido polo asesor xurídico urbanístico do concello e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Jesús Carrillo Pena, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26/02/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dun escrito asinado por MARIA ERMITAS RIVAS MOSQUERA, con domicilio en R/Travesía de Fontaldeiro nº2, 3ºC, Bertamiráns, Ames, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de vado permanente concedida en Xunta de Goberno Local o 03/04/2007 a Francisco Rivas Mosquera.
A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente, do baixo sito en Soigrex 17, Os Ánxeles, a nome de María Ermitas Rivas Mosquera.

OITAVO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María García Calvo, que di actuar en representación de ADELINA GARCIA MIGUEZ, con domicilio en R/ Alcalde Lorenzo nº26, baixo, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza de segregación da finca 1.047 de concentración parcelaria de Bastavales, segundo proxecto redactado polo arquitecto Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 766/15 e documentación complementaria presentada no concello o 27/01/2016 (r.e. 345).

Descrición da parcela orixinal:

Parcela 1.047 de concentración parcelaria de Bastavales.
Referencia catastral:8410104NH2481S0001PQ.
Superficie: 2.673 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).
Lindes:
Norte: con Ramón García Míguez (1.045).
Sur: co camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Leste: con zona excluída.
Oeste: José Millán Calvo (1.046).
Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira.

Segregación pretendida:

Parcela segregada 1.047-1
Superficie: 891 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).
Lindes:

Norte: parcela 1.045 (Ramón García Míguez).
Sur: co camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Leste: parcela número 1.047-2 desta segregación.
Oeste: parcela 1.046 (José Millán Calvo).
Establécese unha cesión a viais de 38 m² (4 metros desde o eixo do camiño).

Parcela segregada 1.047-2
Superficie: 891 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela 1.045 (Ramón García Míguez).
Sur: co camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Leste: parcela 1.047-3 desta segregación.
Oeste: parcela 1.047-1 desta segregación.
Establécese unha cesión a viais de 38 m² (4 metros desde o eixo do camiño).

Parcela segregada 1.047-3
Superficie: 891 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela 1.045 (Ramón García Míguez).
Sur: co camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Leste: zona excluída, hoxe camiño.
Oeste: parcela 1.047-2 desta segregación.
Establécese unha cesión a viais de 133 m² (4 metros desde o eixo do camiño).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando á interesada que no caso de que se pretendan construír novas edificacións nas parcelas segregadas, de conformidade co indicado nos artigos 24 e 171 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos afectados pola traza viaria.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González